



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

BOLSA DE EMPREGO PARA A SELECCIÓN LABORAL TEMPORAL DE (1) AUXILIAR DE BIBLIOTECA PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, CORRESPONDENTE AO PROGRAMA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PEL-CONCELLOS REACTIVA 2021 (EXPDTE. 2021/E001/000002)

SEGUNDA FASE: PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

En Ordes, a 25 de marzo de 2021, sendo as dez horas reúnese **no salón de actos, baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes**, o Tribunal que ha de vulgar a BOLSA DE EMPREGO PARA A SELECCIÓN LABORAL TEMPORAL DE (1) AUXILIAR DE BIBLIOTECA PARA BIBLIOTECA MUNICIPAL, convocada por resolución de alcaldía nº 79/2021, de data 27 de xaneiro de 2021.

Asisten:

- **Presidente:** María Mónica Iglesias Prego, Tesoureira municipal.

- **Vogais:**

Javier Siro Suárez Rodríguez, Interventor municipal.

Ana María López Brey, técnica da biblioteca municipal.

Yolanda Cela Villaverde, Axente de emprego e desenvolvemento local.

- **Secretaria:** Pilar Rey Rodís, funcionaria municipal.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, procedéndose seguidamente de conformidade co establecido na Base 7ª (Inicio e desenvolvemento do proceso selectivo) á realización da proba de coñecemento da lingua galega.

O Tribunal propón como proba a tradución do castelán ao galego dun texto cunha duración máxima de trinta minutos.

A cualificación será de apto ou non apto.

Non concorre a proba ningún aspirante polo que o Tribunal outorga as seguintes cualificacións:

ASPIRANTE	DNI	CUALIFICACIÓN
ILLESCAS FERNANDEZ ALBA MARIA	***4599**	NON APTO (*)
ROCHA ROMERO, CONSUELO	***5122**	NON APTO (*)

(*) A proba terá carácter eliminatorio, de forma que as persoas aspirantes que non a superen quedarán excluídos do proceso selectivo.

ORDE DE CLASIFICACIÓN DEFINITIVA

De conformidade co establecido na base 8ª (Orde de clasificación definitiva) a orde de clasificación definitiva dos aspirantes será o resultado da suma das puntuacións obtidas na valoración dos distintos méritos da fase de concurso.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

En caso de empate darase prioridade á maior puntuación obtida na valoración do mérito "servizos prestados na Administración Pública". No caso de persistir a igualdade, resolverase por sorteo.

Vistas as puntuacións finais obtidas polos aspirantes nas que persisten os empates o Tribunal acorda convocar aos aspirantes para a realización de **sorteo público o 26 de marzo de 2021, ás 10:00 horas, no salón de actos, baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes.**

RECURSOS: Contra o acordo do Tribunal de Selección de valoración da proba de coñecemento da lingua galega poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación deste acordo.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta. Sendo as dez horas e trinta minutos do día ao principio sinalado.

Ordes, documento asinado na data da sinatura dixital.

A Presidenta,
María Mónica Iglesias Prego.

A secretaria,
Pilar Rey Rodís.